


AQUÍ, TAMÉN SE FALA GALEGO

#aquítaménsefala

Campana de Dinamización Lingüística
do IES Rafael Dieste (A Coruña)

#AquíTaménSeFala é un proxecto de dinamización lingüística do IES Rafael Dieste da cidade da Coruña deseñado por **Alberto Pombo** (Profesor de literatura galega) en colaboración con **Arcadio González Novoa** (Profesor de Filosofía e responsábel do EDLG do centro) e desenvolvido por case **100 mozos e mozas** estudantes da ESO en máis de **500 espazos** de cada barrio da cidade.



**Contexto: Rompendo os muros do Dieste
para conquistarmos a cidade da Coruña**

O **IES Rafael Dieste** está situado no que a administración coruñesa coñece como Cidade Escolar e que entra na categoría denominada **barrio mixto**. O material humano que o nutre procede maioritariamente de enclaves limítrofes como a Agra do Orzán, Os mariñeiros, Peruleiro, Labañou, Fontán ou Riazor –entre outros–, así como do núcleo do Portiño e que se achega vía transporte escolar.

Designado pola Delegación Provincial como **centro** “de escolarización **preferente** de alumnado con **trastornos motóricos**”, completa a carta de presentación do instituto que parte do **alumnado** que o integra **procede de até 25 Estados soberanos diferentes**.



Deseñando o plano de acción

Nun marco como o que vimos de retratar, revelouse preciso deseñar unha **experiencia de dinamización total**. Non apenas entre o **alumnado**, mais entre as **familias** e a propia **contorna**.

A análise dos datos que ofrece o mapa sociolingüístico evidenciou que o **galego** segue sendo a primeira lingua para unha enorme cantidade de galegos e galegas que, no entanto, se desenvolve nun **escenario de minorización** e, por esta razón, o primeiro foi determinar os espazos sobre os que poder actuarmos.

A selección era evidente: **os negocios da contorna**, espazos de comunicación diaria para os veciños e veciñas dos diferentes barrios da cidade.



Metodoloxía: A lingua para quen a fala!

A ilusión non coñece utopías, senón estratexias. E o obxectivo era rotundo: **rachar cos estereotipos** que din que na cidade non se fala galego e, aínda, **animar a manter a lingua** a quen a usa, **e a empregala** a quen non o fai.

Para a consecución desta ambiciosa meta comezamos coa **planificación dunha campaña de dinamización porta por porta** desenvolvida polo propio alumnado **fóra do horario escolar**. Non era suficiente con tentalo, había que atinxir o patamar establecido por cada alumno de xeito individual.

Elaboramos unha **nota informativa** para deixar nos comercios e escollemos un slogan que servía como distintivo indicador dun espazo amábel para o uso da lingua: **“Aquí tamén se fala galego”**.



#Aquítaménsefala

...e a moito orgullo!

Porque a historia das nosas letras non se pode entender sen esta cidade aberta ao océano. Aquí naceron as Irmandades da Fala, a Cova Céltica, a Escola Rexional de Declamación ou a Real Academia Galega. Aquí celebráronse os primeiros Xogos Florais e coroamos como poeta a Curros Enríquez, no que hoxe coñecemos como Teatro Rosalía de Castro, que tamén foi veciña da nosa cidade. Como veciños foron Murguía, Pondal, Lugo, Dieste, Avilés de Taramancos, Novoneyra... E como veciños son hoxe Pilar Pallarés, Manuel Rivas, Yolanda Castaño ou Xurxo Souto. E porque outro veciño noso, Pucho Boedo, internacionalizou para o mundo a poesía galega en forma de cancións!

Os nosos barrios naceron tamén coa voz doutros galegos que aquí viñeron e hoxe, aquí, a nosa lingua renóvase florida con máis sotaques chegados da emigración latina, asiática, europea ou africana.




Por iso nós agora, o alumnado do IES Rafael Dieste, iniciamos esta ambiciosa campaña de dinamización con acción directa nos barrios, dos que tamén somos veciños e veciñas orgullosas!

A nosa intención é crear un repositorio de 300 locais (cafeterías, lavandaría, talleres mecánicos, perruquerías...) que demostren que nesta cidade non somos hostís á lingua galega. Por iso, subiremos unha foto do teu negocio ao instagram @bibliotecadieste xunto co cancelo #aquítaménsefala, para dar publicidade.

Aquí tamén se fala galego!

Objetivo: Chegar a 300 espazos.

Resultado: Máis de 500 en menos dun mes



Campaña feliz: O obxectivo marcado superouse en dúas semanas. En apenas catro, ultrapasáronse as expectativas iniciais ao se atinxiren os **500 locais adheridos**. O éxito da acción fundamentouse en varios polos: O traballo dun **alumnado** que exerceu a **militancia en prol da defensa da lingua** e en horas extraescolares visitando **loxa por loxa**, dunha banda, e a **positiva recepción** dos responsábeis **dos negocios e da veciñanza**, da outra.

É preciso aínda referir a **alta participación de alumnado con orixes fóra da Galiza** (30%) –mesmo en período de exención da materia de lingua galega– que comprendeu a acción como unha **oportunidade para se integrar** nun **universo cultural rico e fascinante** que é, tamén xa, parte da súa identidade.



Máis galego, máis galegos: A motivación que nos leva a todos e todas os que militamos na **defensa da lingua** é **garantir a felicidade** das persoas que reivindicamos poder desenvolver o noso día a día coa forza rotunda da **normalidade**.

Virados para o que preocupa –o futuro– semella que o **curso 22/23** puido ser neste sentido **determinante** para o noso estudantado pois, no mesmo ano en que o centro participou da experiencia “21 días co galego”, esta acción extramuros terminou de arredondar a **determinación** dalgúns alumnos e alumnas que cambiaron a **percepción** a respecto **da lingua** ou sumaron **espazos de uso** para ela, tal e como así o contaron nalgunhas das manifestacións a prensa cando tiveron oportunidade.



Recepción pública e nos medios

A campaña despertou o interese duns medios de comunicación que viron como os cartaces azuis co cancelo **#aquítaménefala** encheron, a xeito de **berro estampado**, os **escaparates das rúas da cidade** da Coruña. Houbo reportaxes ou entrevistas en prensa: **Quincemil (El español)**, **La Voz de Galicia**, **La Opinión A Coruña**, **Xornal da Coruña**, **Portal Galego da Língua**, **Galiza livre**; plataformas de difusión das áreas de dinamización do **Concello da Coruña** ou **Consello da Cultura Galega**; programas de radio ou seccións audiovisuais da **Radio Galega**, **Cadena Ser**, **Proxecto Neo**, **Radio Burela**, **Radio Picariña**, **Cuac FM** etc.

O centro –equipo directivo, PAS e profesorado– mostrou todas as facilidades e **recoñecemento para a labor do estudiantado** divulgando nas canles oficiais e exhibindo nos distintos espazos da administración cartaces e mostras da repercusión da campaña.

QUINCÉMIL > CULTURA > EDUCACIÓN


"Aquí tamén se fala galego": La campaña de un instituto que llega a 200 comercios coruñeses

El alumnado de 4º de la ESO del IES Rafael Dieste de A Coruña ha puesto en marcha una campaña para promocionar el uso del gallego en la ciudad

LAURA H. MATEO | 13/07 - 25/5/2023



Awarda, Juliamy y Sara, alumnos del instituto IES RAFAEL DIESTE



"Aquí tamén se fala" estudantes da Coruña lanzan campaña pola lingua



20 DE JUNHO DE 2023 | 7 COMENTÁRIOS

A campaña, desenvolvida por un grupo de estudantes de 4º da ESO do IES Rafael Dieste da cidade herculina é iniciativa do profesor Alberto Pombo -que foi director deste Portal- quem traballa na súa aula animando as mozas e moços a ultrapassarem as portas do liceu para a súa intervención.

Com a **legenda aquí tamén se fala**, proponhem a colocaçom dum cartaz em



Alumnos e alumnas do Instituto Rafael Dieste, orna, na praza das Conchas. | © VÍCTOR ECHAVE

PUBLICIDAD

O galego, dos libros e da tele, ás rúas e ás tendas da Coruña

Estudiantes de cuarto de Secundaria do Rafael Dieste inician unha campaña para promocionar o gallego nos comercios da cidade

Inicio - A CORUÑA - #Aquítaménsefala: A BSO do IES Rafael Dieste faise en galego

#AQUITAMÉNSEFALA: A BSO DO IES RAFAEL DIESTE FAISE EN GALEGO

A CORUÑA | CULTURA

PUBLICADA O 2 XUÑO, 2023

Por Ubaldo Conqueiro



PRÁCTICAS DE ÉXITO

Mozos orgullosos de falar e escoitar gallego na Coruña

A campaña #aquítaménsefala, do IES Rafael Dieste, chegou a case 200 comercios de toda a cidade


Un grupo de estudantes do IES Rafael Dieste, do barrio de A Coruña, inician unha campaña para promover o uso do gallego nos comercios da cidade. Os estudantes, que forman parte do curso de 4º de ESO, levarán consigo unhas 200 cartelas coa frase 'Aquí tamén se fala gallego' para colgar nos comercios da cidade. A campaña, que se desenvolveu durante o mes de maio, foi un éxito e conseguiu que case 200 comercios se unisen á iniciativa. Os estudantes tamén levarán consigo unhas 200 cartelas coa frase 'Aquí tamén se fala gallego' para colgar nos comercios da cidade. A campaña, que se desenvolveu durante o mes de maio, foi un éxito e conseguiu que case 200 comercios se unisen á iniciativa.

Estadío de fútbol

Un grupo de estudantes do IES Rafael Dieste, do barrio de A Coruña, inician unha campaña para promover o uso do gallego nos comercios da cidade. Os estudantes, que forman parte do curso de 4º de ESO, levarán consigo unhas 200 cartelas coa frase 'Aquí tamén se fala gallego' para colgar nos comercios da cidade. A campaña, que se desenvolveu durante o mes de maio, foi un éxito e conseguiu que case 200 comercios se unisen á iniciativa. Os estudantes tamén levarán consigo unhas 200 cartelas coa frase 'Aquí tamén se fala gallego' para colgar nos comercios da cidade. A campaña, que se desenvolveu durante o mes de maio, foi un éxito e conseguiu que case 200 comercios se unisen á iniciativa.

El gallego se expande por las tiendas y las calles

Estudiantes de cuarto de Secundaria del instituto Rafael Dieste inician una campaña para promocionar el uso del gallego en los comercios de la ciudad



Ligazóns. Algunhas referencias nos medios:

- Cerqueiro, Ubaldo (2023): "#Aquítamensefala: A BSO do IES Rafael Dieste faise en galego". Xornal da Coruña (2/VI/2023). Recuperado de: https://xn--xornaldacorua-tkb.gal/2023/06/02/aquitamensefala-a-bso-de-musica-galega-contemporanea-do-ies-rafael-dieste/?utm_source=dlvr.it&utm_medium=twitter
- Lopes, Charo (2023): "Aquí tamén se fala" estudantes da Corunha lanzan campaña pola lingua". Portal Galego da Língua, 20/VII/2023. Recuperado de: <https://pgl.gal/aqui-tamen-se-fala-estudantes-da-corunha-lancam-campanha-pola-lingua/>
- Malvido, Gemma (2023): "O galego, dos libros e da tele, ás rúas e ás tendas da Coruña". La Opinión A Coruña (6/VI/2023). Recuperado de: <https://www.laopinioncoruna.es/coruna/2023/06/06/o-galego-libros-da-tele-88343031.html>
- Mateo, Laura (2023): "Aquí tamén se fala galego": La campaña de un instituto que llega a 200 comercios coruñeses". Quincemil (15/V/2023). Recuperado de: <https://www.elespanol.com/quincemil/articulos/cultura/aqui-tamen-se-fala-galego-la-campana-de-un-instituto-que-llega-a-200-comercios-coruneses>
- Mosqueira, Adrián "Senlheiro" (2023): "Estudantes da Corunha lanzan campaña galeguizadora com a legenda #aquítamensefala". Galiza livre (1/VII/2023). Recuperado de: <https://www.galizalivre.com/2023/06/16/estudantes-da-corunha-lancam-campanha-galeguizadora-com-a-legenda-aquitamensefala/>
- Noya, Jorge (2023): "Rachando estereotipos co galego". La Voz de Galicia (20/VI/2023). Recuperado de: <https://www.facebook.com/watch/?v=1273629846693157>
- Penabade, Bernardo (2023): "Andrés Calderón (Aquí tamén se fala galego); Fran R. Torrón; Carla Paz". Proxecto Neo, número 389 (8/VI/2023). Recuperado de: https://ivoox.com/proxecto-neo-389-andres-calderon-aqui-tamen-se-audios-mp3_rf_109975835_1.html




**Rachando os prexuízos:
A Coruña fala galego**

A modo de exemplo:

Bar El Tequeño (Praza de María Pita); Todolar (Rúa Barcelona); librería Menudo Papelón (Novo Mesoiro); Sqrups (Rúa Barcelona); Herbolario Vado (Avenida de Oza); Casa Quintela (Rúa Antonio Noche); El baúl de la abuela (Avenida de Oza); Librería Maiky (Rúa Mosteiro de Caaveiro); Salud Shop (Rúa Barcelona), La cigüeña Waby (Avda. de Oza), taller mecánico Neumaticar (San Pedro de Visma), Alimentación Zeyse (Rúa da Cultura), O Agrow (Rúa da Cultura), Farmacia San Pedro (San Pedro de Visma); taller de óptica Argimiro (Rúa da Cultura); La casa del cerrajero (Avda. de Oza); Café Many's (Avda. de Oza); Tecnicell (Praza da Gaiteira), zapataría infantil Cukiños (Rúa Corcubión), supermercado Covirán (Rúa Emilio González), perruquería Luísa Fernández (Ronda de Outeiro); Bar Baridad (Rúa Florida); perruquería de Emilio (Rúa Arquitecto Rey Pedreira); Interfilm (Avda. de Fisterra); cervexaría Los Castros (Avda. de Oza); Zapatillas Brasilia (Rda. de Outeiro); Anselube (Avda. da Concordia); tapizados Loyma (Monte das Moas); A tenda de Ana (Rúa Barcelona) A tenda de Teresa Lamazares (Avda. de Oza), Taberna A Cunquiña (Praza do humor), cafetería Tortoni I (Praza do Mestre Mateo); Bambi, lencería e bebé (Avda. Conchiñas); Moda Bifrán (Avda. Oza); tenda de cultura otaku Eldritch Gate (Avda. Oza); café MartiPan (Avda. Oza); bocatéria La tradicional (Rúa Cultura); Manuplar Galicia (Rúa Andrés Gaos); Comida caseira para levar Chegar e encher (Avda. Pasaxe); librería Forum Propolis (Rúa Alcalde Liaño Flores); Superkamiseta (Avda. Fisterra); a Barbería (Ronda de Outeiro); arranxos de roupa Costurmoda (Rúa Teixeira de Pascoaes); As túas Golochiñas (Paseo de Ronda); café A Nosa Terra (Agra da Bragua); cervexaría La Nueva Estación (Avda. Labañou); Fotoestilo (Ronda de Outeiro); froitería Susy (Travesía do Almirante Eulate); perruquería David García (Rda. Outeiro); perruquería Patricia Posse (Rúa Panamá); bar O Antoxo de Adriana (Avda. Conchiñas); Parada Dulce (Rúa Barcelona); Calzados Pepe (Avda. Conchiñas); Mercería Cascabel (Rda. de Outeiro); bar do Mercado As Conchiñas; o café AntoAita (Rúa Barcelona); cafetería Marea Baja (Paseo das pontes); cafetería Sabaneque (Avda. Fisterra); Estanco da avda. de Fisterra; supermercado MiniMarket Nina (Praza Tornos); Almacén Concept Store (Rúa Olmos); Novo mercado (Rúa Afonso VII); Alita Cómics (Avda. Fisterra); panadaría Horno Sanbrandán (Avda. Peruleiro); Frelu Estilistas (Novo Mesoiro, 8); clínica podolóxica Maquieira (Rúa Corcubión); Centromedia (Rúa Barcelona); Café Habana (Rúa Barcelona); cafetería Granier (Rúa Barcelona); supermercado Eroski da Rúa A Haia; Floristaría Hedra (Rúa Argentina, 29); Instrumentos musicais Midimaster (Rúa Palomar); Bar Vieito (Rúa Almirante Mourelle); cafetería Maluve (Rúa Barcelona); doces Flory (Rúa Francisco Añón); cervexaría Che Chu's (Rúa Cardel Cisneros); Librería Suevía (Rúa Vila de Negreira); Mobitel (Rúa Barcelona); taller Midas (Avda. Fisterra, 265); Trámite Asesores (Rúa Historiador Vedía); Hamburguesería Jumbo H2 (Rúa Cuba); floristaría Natureza (Avda. Peruleiro); talleres Kiko Vázquez; bar Búnker (Rúa Alcalde Lens); bar Tracio (Rúa Orzán); Imperator OAR (Travesía Cardeal Cisneros); La boutique del cerdo ibérico (Praza Mestre Mateo); El Gato Negro (Avda. Gran Canaria); panadaría Brimel (Rúa Alberto Datas); cafetería Teyma (Rúa San Vicente); Bar El Real (Rúa Olmos); carnicaría Mareque (Rúa Manuel Deschamps); Locutorio Cheneba Belel (Rúa Barcelona); Apicoruña (Alcalde Lens); café A Cañota; fotocopias Copy-text (Ronda de Outeiro); a perruquería Cabellos (Rúa Barcelona); General Óptica (Rúa Barcelona); modas Mustang (Rúa Barcelona); salón unisex Porlospelos (Mosteiro de Caaveiro); Xulgado de primeira instancia da cidade da Coruña; Ximnasio The Boss (Praza das Conchiñas); Bar Scala (Avda. Gramela); Froitas Noviño; bar De Juanes (Rúa Andrés Gaos); Kiosko Los Puentes (Paseo das pontes); lavandaría El Ávila (Avda. Conchiñas); perruquería Formas Singular Curly (Rúa Barcelona); bar Blanco y Azul (Rúa Manuel Murguía); tenda de Suministros de Hostelería da Rúa Pintor Llorens; Casa Novo (Rúa Perú); Bar Dylan's (Andrés Gaos); Carlin (Rúa Enrepeñas); Barros (Avenida Conchiñas); Café Artesano (Rúa Barcelona); Foto Cruz (Rúa Barcelona); Mary & Maria Noval (Rúa Vila de Negreira); Entra y teje (Rúa Meira); xamonería Unión (Avda. Fisterra); floristaría Follas Nova (Ronda de Outeiro); Peixaría Mar de Leva (Rúa Inés de Castro); alimentación Riná (Ronda de Outeiro); Nirvana copas (Rúa Olmos); Librería Clunia (Rúa Pintor Llorens); Bar Vecino (Rúa Cuba); Nanny Couture (Pintor Llorens); Yarama África (Rúa Enrepeñas); lambetadas Rozzari (Rúa Francisco Añón); Alimentación Ángeles (Rúa Alcalde Abad); moda Kihon (Rúa Enrepeñas); Taller de equipamentos O7 (Ronda de Nelle); tenda de segunda man Kpum Kpum (Rúa Vila de Negreira); taller mecánico Dovacar (Avda. Peruleiro); perruquería Janna (Avda. Peruleiro); Pan Factory (Ronda de Outeiro); Bar Xeitosa (Rúa Luís de Camões); Bar Pica's (Rúa Barcelona); Bar O Rescaldo (Rúa González del Villar); A despensa galega (Rúa Agra do Orzán); Froitería Marieva (Rda. Outeiro); Perfumería Piñeiro (Fonte Álamo), bar O chipirón (Rúa Cuba); Casa Piñeiro (Rúa Mosteiro de Bergondo); Mimo mi móvil (Ronda de Outeiro); café La Parada (Ronda de Outeiro); pinturas Proa (Ronda de Outeiro); bar La botella azul (Ronda de Outeiro), cervexaría Queimada (Rúa Alcalde Liaño Flores); tenda de lambetadas Pirulú (Rúa Alcalde Liaño); Churrería Bonilla (Rúa Juan Flórez); cafetería La cantera (Ronda de Outeiro); Bar El Jardín (Avda. Conchiñas); Bar Five (Rúa Fernando Macías); Bar La Estrella (Ronda de Outeiro); Bodegas Trincado (Rúa Alcalde Lens); Casa del Río (Praza Juan Naya); Danielo's Barbers (Avda. Peruleiro); Sauna Odín (Travesía Boa Vista); bar O novo Queimada (Rúa Liaño Flores); Pastelería Kapricho (Rúa Enrepeñas); librería Garabato (Avda. Gramela); Puntada y dedal (Rda. Outeiro); PrintCor (Rúa Manuel Azaña); copistería Conde (Rúa educación); Farmacia Labañou (Avda. Labañou); froitería Fernando (Avda. Peruleiro); librería Couceiro (Ronda de Outeiro); Fundación Secretariado Xitano (Avda. Peruleiro); Bar River's (Rúa María Luísa Durán); A nosa tenda (Rúa Adelaida Muro); Alimentación Pepe (Rúa Pescadores); Centro Don Bosco (Rúa Don Bosco); El cucharón de Marisa (Rúa Barcelona); Farmacia Peruleiro (Avda. Peruleiro); Feafes (Avda. Peruleiro); librería Varela (Avda. Gran Canaria); panadaría Mesa Grande (Avda. Gramela); librería Re-Read (Rúa Santo André); Calzados Campo (Avda. Fisterra); Carlin (Rúa Posse); bar Comarea (Avda. Glasgow); copistería Eurocopy (Rúa Vila de Negreira); Distrito Arte (Alcalde Lens); Gigante de los empeños (Rúa Barcelona); Imperio Dulce (Rda. Outeiro); Juninho barbeiro (Rúa Barcelona); Khan Döner Kebab (Ronda de Outeiro); La Huella (Rúa Barcelona); Alimentación María (Ronda de Nelle); Central Óptica (Avda. Fisterra); charcutería Mayca (Rda. de Outeiro); Degitaru (Médico Rodríguez); perruquería Rosi Taibo (Rúa Nebrija); Frutas Presedo (Agra do Orzán); librería Lume (Rúa Fernando Macías); locutorio da Rúa Tornos; Frutas González (Avda. Fisterra); perruquería Fabi (Ronda de Nelle); Maraxe fisioterapia (Rúa Doantes de Sangue); lambetadas Gomías (Rúa Fonte Álamo); Martina Álvarez (Rúa Barcelona); Otero (Rúa Rosalía de Castro); SOS Pelines (Arquitecto Rey Pedreira); Suministros Mayán (Rúa Vila de Negreira); Fútbolin Club (Rúa Juan González Rodríguez); Centro Media (Rúa Corcubión); cafetería La Estación (Rúa Emilio González) ou cafetería Deseos (Manuel Murguía); Taberna A Grade (Rúa Andrés Gaos); bar O Carrusco (Rúa Corcubión); café bar Doña Lucía (Rúa Barcelona); Librería Luar (Arquitecto Rey Pedreira); Mi primera impresión (Rúa Barcelona); Telecopy (Verda do Polvorín); Magnific Nails (Rda. de Outeiro); Motobike (CC Marineda); restaurante Cerro Largo (Avda. Fisterra); restaurante Mamá África (Rúa Pascual Veiga); Kattattoomba Tattoo (Rúa Cancela); librería Bululú (Rúa Real); Academia Coruña (Rúa Alcalde Lens); Alimentación Isabel (Rúa Alfredo Tello); Cafetería Escolar (Rúa Educación); Flor de abril (Rúa Posse); Lencería Lucy (Rúa Corcubión); Mercería Cintas (Rúa Alfredo Tello); perruquería Pack (Avda. Conchiñas); La Flor del Jamón (R. Corderería); froitería do Mercado das Conchiñas; La liada (Rúa San Nicolás); La Sastrería (Rúa Emilia Pardo Bazán); frutas Fuente Álamo (Rúa Fuente Álamo); Tabacos Exp.8 (Ronda de Nelle); café Trebor (Rda. Outeiro); Casa Los Puentes (Avda. Fisterra); Cinema's Bar (Avda. Fisterra); Estanco n°37 (Rúa Marcial del Adalid); Café Macondo (Rúa Santo André); O Quiosque (Rúa Emilio González López); xoguetería educativa Enredos (Rúa da torre); Óptica Pollán (Avda. Fisterra); Paraíso do can (Avda. Conchiñas); modas Amore (Rúa da torre); librerías Troa Avir (Avda. Fisterra); Librería Xiana (Avda. Fisterra); Lázaro Óptico (Rúa Bailén); Compramos tu coche (Avda. Alfonso Molina); bar Black Widow (Rúa Panadeiras); Holoala (Rúa Alfredo Vicenti); Comercial Vatam (Rúa Colombia); Café Hispano (Rúa Colombia); Bodegas 'Órdenes' (Rúa Cuba); Las escaleras (Rúa Praza); mercería Cascabel (Rda. Outeiro); pastelería Vereda (Rúa Vereda); Simasón (Rúa Observatorio); taller mecánico José Cuñarro (Rúa Almirante Mourelle); Ultramarinos E. López (Avda. Conchiñas). mercería Loly (Rúa Gramela); Los postres de Kelly (Rúa Panadeiras); artigos para bebé (Rúa Real); Dulcilandia (Avda. Calvo Sotelo); panadaría Debén (Rúa Buenos Aires); Carniceiro Antonio García (Avda. Fisterra); Café Metropol (Paseo Ronda); Bar Serramo (Rúa Vila de Negreira); Bar El Encuentro (Rúa Ramón del Cueto); relojería Nemesio (Rúa San Agustín)...

...e aínda un longuísimoo etcétera con outros tantos espazos!



AQUÍ TAMÉN SE FALA GALEGO!